

Nº EXPEDIENTE:	2024/1700K
PROCEDEMENTO:	P1 – Previo de necesidades
REF. ADICIONAL:	MRU/7/2023
PLAN:	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 1ª fase
CONTRATO OBRAS:	Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR

A descrición dos traballos e as condicións técnicas que rexerán o contrato de obra están definidos no proxecto construtivo denominado “*Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I*”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Antonio José Durán Maciñeira en febreiro de 2023 (asinado dixitalmente con data 13/02/2023) e aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 13/02/2023.

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS QUE DAN LUGAR AO ORZAMENTO DE LICITACIÓN

A xustificación dos prezos unitarios desenvólvese no Anexo nº 1 “Xustificación de prezos” do Documento nº 1 “Memoria e Anexos” do proxecto construtivo e foron calculados segundo a normativa de contratos do Sector Público.

No Documento nº 4 “Orzamento” do proxecto construtivo figuran os prezos unitarios nos cadros de prezos nº 1 e nº 2.

FINANCIACIÓN DO CONTRATO

A actuación prevista no proxecto construtivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 13/02/2023, no Plan Complementario do Plan provincial de cooperación municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña. As bases reguladoras de dito plan foron aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de 25/11/2022 (BOP nº 228 de 01/12/2022).

O investimento foi aprobado inicialmente con condicións polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na súa sesión ordinaria de 26/05/2023 dentro do Plan Complementario do plan POS+ 2023. Este investimento ten natureza de reserva coa finalidade de poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial ao Plan+ 2023.

Mediante circular complementaria de xuño de 2023 (sinatura dixital de 15/06/2023) a Deputación Provincial da Coruña comunicou que despois da exposición pública da aprobación inicial do plan POS+ 2023, sen que se presentase reclamación nin alegación ningunha, dito Plan considerase definitivamente aprobado.

O Concello de Santiago de Compostela, por resolución da súa Alcaldía nº 2023/8904 de data 10/07/2023, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 2/2023” (1ª fase) da Deputación Provincial da Coruña, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento do investimento financeiramente sostible denominado “*Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I*” que xa tiña incluído no Plan Complementario ao POS+ 2023.

CONCELLERÍA DE DEPORTES, RELACIÓNS VECIÑAIS, FESTAS, RURAL E UMAD

A Deputación Provincial, mediante circular de agosto de 2023 (sinatura dixital de 21/08/2023), comunicou que por resolución da súa Presidencia declarou cumprida a condición de existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial ao POS+ 2023, a través do expediente de modificación de créditos 2/2023 por un importe total de 42.000.000,00 € e, en consecuencia, considerou aprobada a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial, no marco das súa Bases reguladoras. Pola resolución antedita, o investimento denominado “*Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I*” está aprobado sen condicións no POS+ Adicional 2/2023 (1ª fase) e o Concello de Santiago de Compostela poderá iniciar a súa adxudicación e posterior execución.

O investimento financiarase na súa totalidade (100%) con cargo ao orzamento provincial, nas condicións establecidas nas bases reguladoras do plan POS+ 2023.

A documentación da actuación se atopa na plataforma electrónica SUBTeL da Deputación Provincial cos seguintes datos:

	Plan POS+ 2023	Investimento	Plan POS+ Adicional 2/2023 1ª fase	Obra
Expediente	2022000049781	2023000009846	202399900078764	2023000031406
Código	-----	-----	-----	2023.2102.0421.0

ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o I.V.E., que deberá soportar a Administración, fíxase en **287.372,60 €** segundo o seguinte detalle:

Orzamento de execución material	241.489,58 €
13% de Gastos Xerais	31.393,65 €
6% de Beneficio Industrial	14.489,37 €
Orzamento de licitación	287.372,60 €
21% de I.V.E.	60.348,25 €
Orzamento xeral de contratación	347.720,85 €

CONCELLERÍA DE DEPORTES, RELACIÓNS VECIÑAIS, FESTAS, RURAL E UMAD

O orzamento asignado ao desenvolvemento do contrato por exercicios orzamentarios (anualidades) é o seguinte:

	Exercicio orzamentario (anualidade)	<i>Total</i>
	2024	
Orzamento de licitación	287.372,60 €	287.372,60 €
21% de I.V.E.	60.348,25 €	60.348,25 €
Total orzamento	347.720,85 €	347.720,85 €

Santiago de Compostela, nas datas das sinaturas dixitais

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

A concelleira delegada de Deportes, Relacións Veciñais, Festas, Rural e UMAD,